



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 28 de marzo de 2019

LA UNED DE A CORUÑA FIRMA UN CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN CON EL COLEGIO PROFESIONAL DE LOGOPEDAS DE GALICIA (CPLGA)

La firma oficial tuvo lugar en la sede de la UNED de A Coruña en la mañana del miércoles 27 de marzo

La presidenta del Ilustre Colegio Profesional de Logopedas de Galicia, D^a. Ana Isabel Vázquez Lojo y el director del Centro UNED A Coruña, D. Germán Carro Fernández, firmaron en la mañana del 27 de marzo un convenio de cooperación educativa destinado al desarrollo de acciones formativas y de divulgación cultural especializadas.

En el plano formativo, ambas entidades sumarán esfuerzos para ofrecer una **formación continuada de calidad, especializada**, que permita adquirir competencias y conocimientos fundamentales **al alumnado de diferentes grados y másteres de la UNED**, así como para **las y los colegiados del CPLGA**, dentro de su programación de Extensión Universitaria y Divulgación Cultural.

La UNED de A Coruña aportará su infraestructura organizativa y medios para la realización de las acciones formativas, que estarán a cargo de personal cualificado del CPLGA; por su parte, las personas colegiadas en el CPLGA podrán beneficiarse de un descuento económico en las acciones formativas de Extensión Universitaria de la UNED de A Coruña.

Dado que ambas instituciones tienen un interés público y común, esta colaboración entre

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

.✉ comunicacion@a-coruna.uned.es ☎ 981 145051

la UNED y el CPLGA, también repercutirá en **la sociedad en general** ya que uno de los **objetivos principales del convenio** es la realización de actividades que **ayuden al progreso sociocultural y a la dinamización del entorno** social y cultural más inmediato.

La UNED de A Coruña y el CPLGA han decidido aunar fuerzas en beneficio de sus estudiantes y colegiados/as, poniendo en valor la formación de ambos colectivos y tendiendo lazos entre la Universidad y el entorno sociolaboral de la ciudad. Durante la firma oficial se sentaron ya las bases de la próxima acción conjunta que se materializará en los próximos meses.

Durante la reunión, **Ana Vázquez Lojo** destacó la importancia del trabajo formativo que se lleva a cabo en el CPLGA y la necesidad de llegar a diferentes áreas de la sociedad. Quiso hacer hincapié en la necesidad de formar a especialistas que puedan trabajar con diferentes grupos, ya que el área de la logopedia puede **mejorar las condiciones de vida de personas de diferentes edades**. En este sentido, la presidenta del CPLGA recordó la importante labor que desempeñan en la solución de problemas desde la infancia a la tercera edad, desde un plano formativo y sociosanitario, con atención en centros médicos, educativos, penitenciarios, clínicas dentales, etc.

Por su parte, **Germán Carro Fernández** subrayó la importancia de la **formación integral del alumnado de la UNED**, poniendo a su disposición todos los recursos y oportunidades para conocer y profundizar en aspectos que puedan resultar de su interés. En este sentido, **la colaboración con el CPLGA abre un arco de temáticas para estudiantes de diferentes grados y másteres del Centro**, como psicología, educación social, trabajo social, etc., en el cual podrán encontrar futuras vías de especialización profesional.

De igual modo, el director del Centro UNED de A Coruña quiso **resaltar la importante labor llevada a cabo por el CPLGA en la promoción y visibilización de trastornos específicos**, como la charla celebrada el Centro en 2018 "[La sordera y su implicación en el lenguaje del niño sordo](#)", impartida por Ana Vázquez Lojo, que exponía las dificultades que presentan los niños sordos en el contexto escolar, familiar y social derivado de la sordera y trastornos asociados a la misma.

Durante la firma del convenio también estuvieron presentes **Noa Castro**, secretaria técnica del CPLGA y **Laura Sánchez**, coordinadora de Extensión Universitaria del Centro UNED de A Coruña.

El [Ilustre Colegio Profesional de Logopedas de Galicia \(CPLGA\)](#) lleva trabajando ininterrumpidamente desde 2009, ofreciendo sus servicios a través de diferentes profesionales que brindan tanto formación como atención personalizada en diferentes ámbitos, colectivos e instituciones. Su labor se fundamenta sobre necesidades esenciales, ya que los problemas a nivel de lenguaje o deglución disminuyen en gran medida la calidad de vida y nadie está exento de poder padecerlos en algún momento; además, llevan asociadas complicaciones secundarias a otras patologías, síntomas de síndromes complejos, trastornos específicos, procesos agudos, crónicos, etc. El objetivo del CPLGA es alcanzar la creación de nuevas salidas profesionales, así como ofrecer una formación continuada de calidad a sus colegiados y colegiadas, ayudando a sus pacientes cada día a no perder esa conexión con el mundo que les rodea.

La UNED de A Coruña se suma así a las instituciones con las que el Colegio Profesional de Logopedas de Galicia colabora para la formación y capacitación sociolaboral de profesionales de diferentes áreas.



Imágenes: D. **Germán Carro Fernández**, director del Centro UNED A Coruña y D.ª **Ana Isabel Vázquez Lojo**, presidenta del Ilustre Colegio Profesional de Logopedas de Galicia.



Más información en: <http://www.acoruna.uned.es> y Secretaría UNED A Coruña (981 14 50 51 | info@a-coruna.uned.es)



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 28 de marzo de 2019

A UNED DA CORUÑA ASINA UN CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO PROFESIONAL DE LOGOPEDAS DE GALICIA (CPLGA)

A firma oficial tivo lugar na sede da UNED da Coruña na mañá do mércores 27 de marzo

A presidenta do Ilustre Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, D^a. Ana Isabel Vázquez Lojo e o director do Centro UNED A Coruña, D. Germán Carro Fernández, asinaron na mañá do 27 de marzo un convenio de cooperación educativa destinado ao desenvolvemento de accións formativas e de divulgación cultural especializadas.

No plano formativo, ambas as entidades sumarán esforzos para ofrecer unha formación continuada de calidade, especializada, que permita adquirir competencias e coñecementos fundamentais ao alumnado de diferentes graos e másteres da UNED, así como para as e os colexiados do CPLGA, dentro da súa programación de Extensión Universitaria e Divulgación Cultural.

A UNED da Coruña achegará a súa infraestrutura organizativa e medios para a realización das accións formativas, que estarán a cargo de persoal cualificado do CPLGA; pola súa banda, as persoas colexiadas no CPLGA poderán beneficiarse dun desconto económico nas accións formativas de Extensión Universitaria da UNED da Coruña.

Dado que ambas as institucións teñen un interese público e común, esta colaboración entre a UNED e o CPLGA, tamén repercutirá na sociedade en xeral xa que un dos

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

.✉ comunicacion@a-coruna.uned.es ☎ 981 145051

obxectivos principais do convenio é a realización de actividades que axuden ao progreso sociocultural e á dinamización da contorna social e cultural máis inmediata.

A UNED da Coruña e o CPLGA decidiron axuntar forzas en beneficio dos seus estudantes e colexiados/as, poñendo en valor a formación de ambos os colectivos e tendendo lazos entre a Universidade e a contorna sociolaboral da cidade. Durante a firma oficial sentaron xa as bases da próxima acción conxunta que se materializará nos próximos meses.

Durante a reunión, **Ana Vázquez Lojo** destacou a importancia do traballo formativo que leva a cabo no CPLGA e a necesidade de chegar a diferentes áreas da sociedade. Quixo facer fincapé na necesidade de formar a especialistas que poidan traballar con diferentes grupos, xa que a área da logopedia pode **mellorar as condicións de vida de persoas de diferentes idades**. Neste sentido, a presidenta do CPLGA lembrou o importante labor que desempeñan na solución de problemas desde a infancia á terceira idade, desde un plano formativo e sociosanitario, con atención en centros médicos, educativos, penais, clínicas dentais, etc.

Pola súa banda, **Germán Carro Fernandez** subliñou a importancia da **formación integral do alumnado da UNED**, poñendo á súa disposición todos os recursos e oportunidades para coñecer e profundar en aspectos que poidan resultar do seu interese. Neste sentido, **a colaboración co CPLGA abre un arco de temáticas para estudantes de diferentes graos e másteres do Centro**, como psicoloxía, educación social, traballo social, etc., no cal poderán atopar futuras vías de especialización profesional.

De igual modo, o director do Centro UNED da Coruña quixo **resaltar o importante labor levado a cabo polo CPLGA na promoción e visibilización de trastornos específicos**, como a charla celebrada o Centro en 2018 "**A xordeira e a súa implicación na linguaxe do neno xordo**", impartida por Ana Vázquez Lojo, que expoñía as dificultades que presentan os nenos xordos no contexto escolar, familiar e social derivado da xordeira e trastornos asociados á mesma.

Durante a firma do convenio tamén estiveron presentes **Noa Castro**, secretaria técnica do CPLGA e **Laura Sánchez**, coordinadora de Extensión Universitaria do Centro UNED da Coruña.

O **Ilustre Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA)** leva traballando

ininterrompidamente desde 2009, ofrecendo os seus servizos a través de diferentes profesionais que brindan tanto formación como atención personalizada en diferentes ámbitos, colectivos e institucións. O seu labor fundaméntase sobre necesidades esenciais, xa que os problemas a nivel de linguaxe ou deglución diminúen en gran medida a calidade de vida e ninguén está exento de poder padecelos nalgún momento; ademais, levan asociadas complicacións secundarias a outras patoloxías, síntomas de síndromes complexas, trastornos específicos, procesos agudos, crónicos, etc. O obxectivo do CPLGA é alcanzar a creación de novas saídas profesionais, así como ofrecer unha formación continuada de calidade aos seus colexiados e colexiadas, axudando aos seus pacientes cada día a non perder esa conexión co mundo que lles rodea.

A UNED da Coruña súmase así ás institucións coas que o Colexio Profesional de Logopedas de Galicia colabora para a formación e capacitación sociolaboral de profesionais de diferentes áreas.

Más información en: [http://www.acoruna.uned.es/](http://www.acoruna.uned.es) e Secretaría UNED A Coruña (981 14 50 51 | info@a-coruna.uned.es)